

Nos últimos anos, a chegada de inmigrantes trouxo ao noso centro diversidade de culturas e de linguas. A nova realidade cambiou considerablemente a composición dos grupos e incorporou dificultades, derivadas da presenza dun importante número de alumnos e alumnas en situación de desvantaxe, uns por descoñecemento do idioma e outros debido a unha escasa competencia curricular. Tiñamos ante nós un novo reto: conseguir a plena integración da nova poboación escolar. Mediante unha nova organización, unha metodoloxía axeitada e, sobre todo, a posta en valor das diferentes culturas, conseguimos contribuír á mellora da súa situación social e escolar.

Grupos de adaptación para alumnado en desvantaxe

Carmen Cáceres Lema

Orientadora
IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)
ccl@edu.xunta.es

Fernanda Testón Sevilla

Titora
IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)
teston@edu.xunta.es

Belén Cotón Méndez

Xefa de estudos
IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)
coton@edu.xunta.es

O noso centro atópase en Culleredo, na área metropolitana da Coruña, un concello que, nos últimos 30 anos, experimentou un grande crecemento ata duplicar a súa poboación. Parte desta medra vén dada polo asentamento de familias que proceden do estranxeiro. Ao ser o noso instituto o único da zona que imparte ESO, acaba sendo receptor de todos os nenos e nenas, de entre 12 e 16 anos, destas familias inmigrantes.

A situación encerra certas dificultades, debido a carencias importantes, como atraso académico, falta de hábitos de estudo, asistencia irregular; todo unido a unhas condicións familiares bastante

complicadas. Decidimos, pois, poñernos a traballar para que este alumnado, en clara desvantaxe, tivese as mesmas oportunidades que os seus compañeiros e compañeiras. Despois de moitas reunións e xestións coa Inspección Educativa, nacían os grupos de Adaptación da Competencia Curricular, un proxecto de traballo que comezou de xeito experimental no curso 2005/06. Daquela, xa contabamos co compromiso de todo o claustro e coa implicación directa de varios profesores.

Enfrontámonos a un reto nunha dobre vertente: por unha banda, adaptarnos ao nivel de cada alumno e cada alumna para facilitarlles a adquisición



Nos últimos 30 anos duplicouse a poboación escolar do noso centro, e a inmigración cambiou substancialmente a súa composición

dunha competencia curricular suficiente; e, por outra, conseguir unha boa integración, o que para nós significaba non converter o grupo na clase dos atrasados. Ese ano logramos o primeiro dos obxectivos, é dicir, a adaptación do noso traballo ás necesidades do novo alumnado e ao seu nivel de competencia. E conseguímolos grazas á entrega dos profesores, que se adscribiron voluntariamente ao traballo con estes rapaces e rapazas; e tamén a todo o alumnado no seu conxunto, que aprenderon a non etiquetar os seus compañeiros e compañeiras, e a comprender que unicamente recibían apoio nos seus estudos para “poñerse ao día”.

Non obstante, quedounos o segundo, xa que debido á falta de espazo no centro, tivemos que situar o grupo na “casa do conserxe”. Aínda que a referencia para eles era a súa clase, percibimos certos comentarios que nos indicaban que cumpría buscar outro emprazamento. No seguinte curso, a ampliación de aulas no centro, supuxo a súa localización nunha aula ao pé do resto dos compañeiros.

No segundo ano tivemos experiencias moi agradables, como unha actividade dirixida pola titora. Prepararon e buscaron o material para facer a lectura dunha parte de *O Quixote*, cada un na súa lingua. Desenvolveuse na biblioteca e durante os

recreos, con afluencia masiva de alumnado e profesorado. Os nenos sentían unha enorme satisfacción ao compartir a súa lingua materna con todos os compañeiros. Por un día, *O Quixote* falou chinés, árabe, francés, ruso, brasileiro, galego e español de Latinoamérica. Todo resultou tan emocionante, que marcou un antes e un despois para eles. Ata tal punto foi así, que o grupo comezou a dar mostras claras dunha integración real na vida do centro.

O que aprendemos

A experiencia reportou tamén moitas vantaxes para o profesorado, pois contribuíu a mellorar o traballo en equipo.



As diferentes linguas e culturas de orixe nunca son un obstáculo para as rapazas e rapaces do ceontro

Nas reunións aprendemos a chegar a acordos, a negociar con desacordos, a axustar programacións... Unha actividade que nos obrigou a organizarnos para acadar obxectivos comúns, e que nos axudou a mellorar substancialmente o noso funcionamento como grupo.

Na actualidade, este programa está totalmente integrado no Plan de centro, e dispón dun horario propio, funciona cunha metodoloxía específica e conta con actividades que facilitan e aseguran o seu propio funcionamento. A experiencia desvelounos as claves para poder planificar o traballo e, sobre todo, deunos unha seguridade que nos permite percibir os novos retos con maior sosego e normalidade.

As previsións apuntan a que a afluencia de familias procedentes do estranxeiro forma parte dun proceso que vai en aumento, e polo tanto, como ocorre en tantos centros de Galicia, as nosas aulas seguirán recibindo alumnos e alumnas doutras nacionalidades. Unha realidade á

que trataremos de lle dar unha resposta o máis pronto posible e axeitadamente. Ata agora os pasos que seguimos son, por un lado, procurarlles a mellor localización posible, tanto en 1.º como en 2.º curso. Facemos unha avaliación inicial precisa, que nos permite saber o nivel de competencia que traen. Por outro, unha actuación rápida para empezar dende que se incorporan ao sistema educativo, que pode ser no primeiro trimestre, no segundo e, mesmo, no terceiro.

Ultimamente observamos unha tendencia: a incorporación ao noso instituto de alumnos e alumnas chegados de países de fala non hispana, sobre todo, dos do leste de Europa. Para eles, o primeiro obxectivo é aprender español.

O traballo coas familias

Se ben é certo que os verdadeiros beneficiarios do noso traballo son os alumnos e as alumnas, non podemos deixar de mencionar as familias. Cando chegan a España o descoñecemento que

teñen sobre os estudos aos que se enfrontan os seus fillos adoita ser total. Coa idea de aliviar as inseguridades e de prestarlles unha axuda que, sen dúbida, vai reverter nos alumnos, levamos a cabo un primeiro encontro con elas. Esta primeira cita favorece o coñecemento mutuo e senta as bases dunha relación que debe discorrer con fluidez. Falámoslles do futuro dos seus fillos no centro e entregámoslles un expediente, onde se indican os aspectos máis importantes do noso sistema educativo: estrutura, saídas académicas e profesionais, sistema de avaliación... Tamén incluimos nel información complementaria sobre o Grupo de Adaptación da Competencia Curricular e o que queremos conseguir con esta medida.

Por outro lado, tamén mantemos entrevistas persoais para informar sobre todos aqueles servizos que ofrece o Concello de Culleredo, sobre todo, no referido aos Servizos Sociais e ás actividades educativas para a xuventude. Hai que ter en conta que a situación desta

Se nun principio o obxectivo principal dos grupos de Adaptación da Competencia Curricular, era lograr o maior éxito posible deste alumnado que partía en situación de desvantaxe, a experiencia achegounos sorpresas moi agradables que ían moito máis alá do agardado. Nestes grupos conviven nun ambiente de inmersión lingüística, que logo continúan na aula de referencia. Tamén acoden a apoio para reforzar a aprendizaxe da lingua. Non obstante, a realidade puxo de manifesto as importantes aprendizaxes que o alumnado adquire ao lado dos compañeiros e en situacións informais. É o caso dunha alumna rusa que acudía ás clases de castelán, xunto cun compañeiro polaco. A rapaza aprendeu o noso idioma nun tempo mínimo, pois antes de acabar o primeiro trimestre falábao e comprendíao perfectamente. Pero o máis abraiante é que, compartindo momentos co compañeiro, empezaba tamén a comprender e a falar polaco.



poboación inmigrante adoita ser complicada. Maioritariamente son familias monoparentais, que deixan no seu país de orixe os amigos, os avós e, nalgúns casos, os irmáns. A isto hai que engadir que, ou non teñen traballo, ou é tan precario que apenas lles dá para vivir. Circunstancias, que os leva, en moitos casos, a ter que compartir casa con amigos, ou con outras familias.

Por todo isto consideramos que debemos procurarles toda a axuda e a información posibles, contribuír a que logren unha maior estabilidade, e que a súa vida neste país avance cara a unha maior normalización.

O currículo

Todo este traballo levámolo a cabo cunha organización, na súa forma, similar á dos programas de diversificación curricular: un ámbito socio-lingüístico, un ámbito científico-matemático e inglés. O resto das materias cúrsanas co seu grupo de referencia. Pero, aínda que a estrutura é a mesma que a dun programa de diversificación curricular, os obxectivos son diferentes. A filosofía deste grupo está baseada na comprensividade, coa existencia dun tronco común que atende ao desenvolvemento da persoa na súa totalidade, sempre partindo das súas posibilidades e intereses. Pero situamos nun primeiro plano a integración e normalización, a educación como compensación das condicións persoais e ambientais, que están a dificultar o progreso académico e a futura inserción social e profesional.

Para realizar este labor, as actividades que programamos adáptanse ás características e necesidades do alumnado, posibilitan unhas aprendizaxes significativas e funcionais, e parten dunha metodoloxía globalizadora. Este traballo sería moi difícil sen unha acción de tutoría forte, baseada no pleno coñecemento do alumnado e das súas familias: situación no noso país, así como expectativas e motivacións.

Valoración da experiencia

O resultado deste Grupo de Adaptación da Competencia Curricular é totalmente

satisfactorio, tanto para nós, como para o alumnado e para as familias. Observamos como moitos alumnos e alumnas cun alto índice de absentismo escolar, asisten agora con regularidade ás clases e, incluso elevaron considerablemente o seu ritmo de traballo. Tamén participan máis en actividades de carácter lúdico, como saídas co resto das clases. En Nadal, por exemplo, entusiasmaronse coa elaboración de tarxetas, nas que felicitaban as festas nos distintos idiomas que se falan no noso centro. Tamén lles chamou moito a atención a festa de Entroido, na que se celebrou un concurso de disfraces. Estas actividades contribuíron, sen dúbida, a dar un paso máis na súa integración na vida escolar.

Desde que levamos a cabo este proxecto, empezamos a ver como moitos alumnos e alumnas están xa a cursar a ESO con normalidade; incluso algún o 3º curso. Por outra banda, agrádanos ver como moitos rapaces e rapazas

inmigrantes queren vir ao noso instituto para incorporarse a ese grupo. Seguimos neste proxecto porque cremos nel, sentimos que aumentamos a motivación dos rapaces e das rapazas, que cada vez ven máis alcanzable rematar con éxito a ESO. Incluso, nalgúns casos, pensan continuar con estudos posteriores, o que lles permite afrontar con ilusión o seu novo proxecto de vida.

Bibliografía

BEDMA MORENO, M. (2002) *Proyecto Integra. Educación social de inmigrantes*. Granada, Editorial G.E.U.

CASTRO VIUDEZ, F. (2005) *Español en marcha*. Madrid, Editorial SGEL.

Lexislación vixente da Xunta de Galicia (Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, DOG, 26/02/2004).

Para nós é moi importante que o alumnado se sinta integrado e goce das experiencias que lle ofrece o centro

